

BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN

MARZO - SETEMBRO 2021



CIFP Portovello

Rúa Luis Trabazos, 1 Ourense
CP 32004 Ourense
Tfno. 988778903, Fax 988224420
internacional@cifpportovello.gal
<http://www.cifpportovello.gal>

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Av. de Santiago, 2
32001 Ourense
Teléfono: 988788211 Fax: 988213722
12octubreeuropa@gmail.com
<http://www.12outubro.gal>

CIFP A Farixa

Rúa das Laxas, s/n
32005 Ourense
Teléfono: 988783012 Fax: 988783024
programasinternacionales@farixa.es
<http://www.farixa.es>

CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel

Praza da Lexión, s/n
32002 Ourense
Teléfono: 988788470 Fax: 988788482
peacarballeira@gmail.com
<http://www.cifpcarballeira.es>

BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN

MARZO - SETEMBRO 2021

Convocatoria selección **ERASMUS+ 2020-2021**
Nº de PROXECTO: **2020-1-ES01-KA103-079919**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA FORMACIÓN DO PERSOAL EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

BASES DA CONVOCATORIA

O Consorcio FP Sup. Ourense-Europa abre unha convocatoria para asignar **cinco (5)** bolsas de mobilidade para persoal de ciclos superiores en calquera dos centros socios do Consorcio e que queiran realizar actividades de formación no estranxeiro (o reparto de bolsas para cada centro do Consorcio esta reflectida na acta nº 60 con data 21 de outubro do 2020 do O Consorcio FP Sup. Ourense-Europa).

CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel	1
CIFP A Farixa	1
IES 12 de Outubro	1
CIFP Portovello	2

Estes fondos que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de persoal para formación de Educación Superior do Programa ERASMUS+ e xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, que están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

Este proxecto consiste na realización dunha mobilidade de entre **dous e cinco días** en empresas

ou centros con carta ECHE relacionados cos estudos das familias profesionais ofertadas nos centros de ensino do Consorcio.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no estranxeiro que axude a mellorar a súa labor docente.

Existen bases complementarias de cada centro do Consorcio especificando aspectos de baremación e de selección.

O Consorcio FP Sup. Ourense-Europa asesorará en todo o proceso ao persoal a través do seu Centro de Ensino.

1. ASPECTOS XERAIS

Obxectivo:

As mobilidades de persoal deben estar dedicadas a formación en competencias relacionadas con deseño pedagóxico curricular.

Dirixido:

Profesorado que estea **implicado na docencia ou coordinacións en ciclos superiores, membros do equipo directivo e persoal** dos centros do Consorcio para a realización de actividades formativas no estranxeiro.

Lugar de desenvolvemento da mobilidade:

O persoal que participe na convocatoria promoverá a realización de convenios con empresas ou centros de ensino do seu interese, de acordo ao proxecto presentado, sempre que estes cumpran cos criterios da convocatoria. A Dirección xunto cos departamentos valorará dito cumprimento.

Os países nos que se poderán realizar as mobilidades atópanse na táboa do apartado 4.2, apoio individual.

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN:

A Mobilidade se desenvolverá no período entre o **1 de marzo e o 15 de Setembro 2021** sempre baixo a aprobación da dirección do seu centro.

O desenvolvemento das mobilidades dependerá da situación sanitaria, podéndose aprazar excepcionalmente coa aprobación do responsable do Consorcio.

3. DURACIÓN:

De **2 ata 5** días (excluídos días da viaxe).

4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O PERSOAL:

➤ **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)

1. Viaxe:

Contribución aos gastos de viaxe de persoal baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolve a actividade correspondente, segundo o que se indica a continuación:

Distancia en km.	Cantidade a percibir
Entre 10 y 99 km.	20 euros por participante
Entre 100 e 499 km .	180 euros por participante
Entre 500 e 1999 km .	275 euros por participante
Entre 2000 e 2999 km.	360 euros por participante
Entre 3000 e 3999 km.	530 euros por participante
Entre 4000 e 7999 km.	820 euros por participante
Ente 8000 e máis km.	1.500 euros por participante

Medidor de distancias: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

2. Apoio individual:

As cantidades dependerán do país de destino (dependendo do grupo indicado no recadro)

	Países de destino	CANTIDADE DIARIA A PERCIBIR
<u>Grupo A</u>	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	120 €
<u>Grupo B</u>	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105 €
<u>Grupo C</u>	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía.	90 €

5. COMITE DE SELECCIÓN

Recollido nas bases complementarias de cada centro do Consorcio.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

Recollido nas bases complementarias de cada centro do Consorcio.

7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O persoal interesado entregará a solicitude na secretaría do seu centro, dende o **1 de decembro ao 11 de decembro de 2020** antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria. Xunto ao impreso de solicitude entregárase:

1. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
2. Acreditación de antigüidade no CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel.
3. Proxecto de mobilidade (Anexo II desta convocatoria).
4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo III) ou documento acreditativo de ser o caso.

8. RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA

Cada centro membro do Consorcio FP Sup. Ourense-Europa nomeará una Comisión de selección que baremará as solicitudes presentadas.

Finalizado o proceso de baremación asignaranse as prazas ofertadas para cada centro do Consorcio. Publicaranse nas páxinas web de cada centro, as actas da resolución provisional o día 13 de xaneiro, que comprenderá lista de adxudicacións, lista de espera e candidatos non aptos.

Prazo de reclamacións do 13 ata o 19 de xaneiro ata as 14:00.

A **resolución definitiva** farase pública o día **20 de xaneiro** na web de cada centro do Consorcio.

Se por causa xustificada algún candidato/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de espera.

Se houberse vacantes nalgún centro do Consorcio, estas poderanse cubrir con persoal das listas de espera doutros centros. Neste caso será o Consorcio quen determine a que centro se lle adxudica a vacante.

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará de:

- Aprobación do desenvolvemento da mesma pola dirección dos CIFP e IES.
- Unha vez a dirección aprobe a mobilidade deberá obter o permiso da inspección educativa.

A percepción do 20% restante da bolsa de axuda adxudicada precisará de:

- Cumprimentar e enviar a enquisa UE final da mobilidade (EU Survey).
- Entregar a certificación que acredite o desenvolvemento da mobilidade.
- Aportar un informe final co impacto previsto no Centro ou na labor docente.

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
Mobilidade de persoal para formación
PROXECTO MOBILIDADE 2020-2021
Nº de PROXECTO: 2020-1-ES01-KA103-079919
CONVOCATORIA ERASMUS +: MARZO-SETEMBRO 2021

DATOS DO/A CANDIDATO/A			
Apelidos		Nome	DNI:
Enderezo			
Tel. fixo		Tel. Móbil	
Correo electrónico			
Especialidade			
Antigüidade no Centro	anterior 2011-2012 <input type="checkbox"/>	entre 2019-2020/2011-2012 <input type="checkbox"/>	destino provisional <input type="checkbox"/>
Participación anos anteriores quedando en lista de espera:		2019-20 <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

IDIOMAS				
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>

DATOS DO CENTRO OU EMPRESA DE ACOLLIDA (só no caso de presentar "Compromiso de acollida")			
Nome da institución/empresa:		Enderezo/País:	
E-mail:		Web/Tif:	
Persoa de contacto:		Tif:	E-mail:
Outro:		País:	E-mail:

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA	
<p>Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense-Europa. Nº proxecto 2020-1-ES01-KA103-079919.</p> <p>No caso de ser seleccionado, asumo a responsabilidade de realizar a estada na institución ou empresa de destino, segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estada.</p>	
2020	Ourense a de
	Asdo.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.educacion@xunta.gal.

Comisión de Selección de Mobilidades de Formación para Persoal de Ciclos Superiores

Anexo II

PROXECTO DE MOBILIDADE	
Obxectivos xerais	
Valor engadido para o Centro e impacto no deseño curricular no ciclo formativo	
Resultados previstos e instrumentos de implementación	
Descrición das posibles actividades	
Outras	

Annex III Training commitment

Name of the candidate:
Personal ID n°:

I,, as legal representative of the
company
.....
..... with VAT
number..... I commit
to welcoming as a
“staff mobility for training” participant, within the Erasmus + Programme, in the period
.....2021.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:
Position:
Telephone:
E-mail:

Place / date: